

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARIATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**14654** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais. («BOE» 205, do 27-8-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de xullo de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Da páxina 1034, primeira columna, artigo primeiro, á páxina 1037 corríxese a numeración correlativa dos artigos que integran o novo título IV; onde di: «58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66 e 67», debe dicir: «59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67 e 68».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**14655** *ORDE PRE/2738/2005, do 26 de agosto, pola que modifica a Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 205, do 27-8-2005.)*

O Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas dispón no número 2 do seu artigo 1, que por Orde conxunta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, se delimitarán os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

Estes ámbitos territoriais foron determinados pola Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas.

Tendo en conta que as circunstancias que serviron de base para a inicial determinación dos ámbitos territoriais en que deberían ser aplicadas as medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, experimentaron variacións, resulta necesario modificar estes ámbitos territoriais.

Así mesmo, deben ser estendidas ao ámbito territorial da Comunidade Foral de Navarra afectado pola seca as medidas previstas no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas.*

Un. Engádese unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Comunidade Foral de Navarra.*

As medidas previstas no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, ademais de nos ámbitos territoriais que figuran no anexo I desta orde, serán tamén de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Foral de Navarra que se detalla no anexo IV.»

Dous. Modifícase a rúbrica da «Disposición adicional única. Financiamento», que pasará a denominarse, «Disposición adicional primeira. Financiamento».

Tres. Modifícanse, no seguinte senso, os anexos I, II e III e engádese un novo anexo IV: